

PARTICIPACIÓN DO CENTRO NO PROGRAMA CA/AC.

O CPI Cova Terreña ven participando neste proxecto de investigación dende o curso 2011/12, no que varios profesores iniciamos a formación, cos expertos da Universidade de Vic e contando co asesoramento e acompañamento das asesoras do CFR de Vigo.

Dende ese curso vimos formándonos e poñendo en práctica nas aulas un conxunto de actuacións para ensinar a traballar en equipo:

- Axudándolles a especificar con claridade os obxectivos que se propoñen, as metas que teñen que alcanzar.
- Ensinándolles a organizarse como equipo para conseguir esas metas. A distribuír os distintos roles e responsabilidades.
- Axudándolles a identificar o que non fan correctamente, o que lles impide conseguir o que persiguen e que compromisos teñen que asumir para mellorar.

En definitiva, poñer os medios para que, pouco a pouco, melloren os aspectos negativos, de xeito que aprendan, **practicándoas**, as habilidades sociais imprescindibles para traballar en equipo. Habilidades como escoitar con atención aos compañeiros/as, usar un ton de voz suave, respetar o turno de palabra, preguntar con corrección, compartir cousas e ideas, pedir axuda con corrección. axudar aos compañeiros/as, rematar as tarefas, estar atentos, etc.

Desde ese curso fomos facendo un itinerario de formación e reflexión sobre a nosa práctica na aula segundo as diferentes etapas do programa.

- CURSO 2011/12

Tiñamos escoitado falar sobre AC a profesores doutro colexio e á que é a nosa asesora do CFR de Vigo actualmente. Animámonos a entrar no programa 6 mestres (5 de Primaria e 1 de Educ. Infantil) que, nese momento, compartiamos inquedanzas sobre os problemas existentes nas aulas.

Así comencamos en setembro do 2011 a etapa de Introducción en AC na que, guiados, practicamos os tres ámbitos de intervención ailladamente.

- CURSO 2012/13.

Durante este curso 9 profesores (6 de Primaria e 3 de ESO) desenvolvemos a etapa de Xeneralización na que establecemos un Plan de apoio para o profesorado que se incorporou novo ao programa.

- CURSO 2013/14.

Neste curso abordamos a etapa de Consolidación da Aprendizaxe Cooperativa 10 profesores (2 de E.Infantil e 8 de Primaria) poñendo en práctica na aula os tres ámbitos de xeito interrelacionado.

- CURSO 2014/15.

Continuamos poñendo en práctica o Plan de apoio co profesorado que se incorpora ao programa. Estructuramos a actividade para desenvolver estratexias de xeito sistematizado. Isto permitiunos ir introducindo a AC nos documentos pedagóxicos de Centro.

- CURSO 2015/16

Actualmente varios profesores implementan a Aprendizaxe Cooperativa, dentro do programa de formación, nas aulas de 1ºA, 1ºB,5ºA e 6ºB de primaria e en 4ºESOA e 4ºESO PDC.